



Verán 2004

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Prezo: 1'80 euros

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ **Galiza**

Absolven a Xosé Manuel Puga das acusacións da policía

A xuíza encargada do proceso pola tractorada da pataca rematou por tomar unha decisión salomónica: segundo a sentenza dictada, todos e ningún é culpábel. Tal e como pedía o Sindicato Labrego Galego, o compañeiro Xosé Manuel Puga foi declarado inocente das acusacións que se lle imputaban.

Páx. 6

■ **Aldea Global**

O SLG pide de novo un prezo social para o gasóleo agrícola

O incremento continuado nos prezos do barril de petróleo, causado pola inestabilidade en Oriente Medio, vai repercutir negativamente no prezo do gasóleo agrícola, aumentando aínda máis os custes de produción.

Páx. 12

■ **Agroecoloxía**

A DTA consegue que Valedor e Parlamento ollen para o Craega

Nos últimos tempos, a Dirección Transversal de Agroecoloxía (DTA) traballou a fondo en tres temas fundamentais: Craega; na súa organización; e nas actividades do día a día, como charlas divulgativas, campañas contra os transxénicos, produción, ou xornadas sectoriais.

Páx. 12



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147
Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es

A Xunta dá marcha atrás na súa intención de prohibir usos agrarios en terras queimadas

■ O Conselleiro de Medio Ambiente, baseándose nunhas declaracións de Cristina Narbona, pretendía que non se puidesen plantar viñedos en terras que sufriron incendios forestais.

■ Un día despois da reacción inmediata do Sindicato Labrego Galego, Xosé Manuel Barreiro defendeu a postura contraria, criticando á Ministra de Medio Ambiente.

Páx. 5



TORRECILLA

O Sindicato Labrego asina un convenio de colaboración coa Deputación da Coruña

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Lidia Senra, tivo un encontro co Presidente e Vicepresidente da Deputación da Coruña, Salvador Sánchez Moreda e Xaime Bello, para asinar un convenio de colaboración entre a entidade

provincial e o sindicato. Por unha banda, a Deputación dará 150.000 euros ao SLG, que se compromete a realizar 139 accións formativas e divulgativas centradas na Política Agraria Común e os seus efectos e consecuencias.

Páx. 6



Celébrase en todo o mundo o Día Internacional contra a Coca Cola

Aínda que a multinacional Coca Cola inviste tódolos anos unha boa mancha de millóns en difundir unha imaxe positiva ante a sociedade, o pasado 22 de xullo organizacións de todo o mundo fixeron público o con-

trario. Foi o Día Internacional contra a Coca Cola, e nel sacáronse a relucir trapos sucios coma represión sindical, contaminación do medio ambiente, discriminación racial ou explotación infantil.

Páxs. 2 e 3

O SLG pídelo a Zapatero medidas efectivas para salvar ao sector lácteo

O Presidente do Goberno, Xosé Luís Rodríguez Zapatero, visitou Galiza no mes de xullo. No seu discurso tivo un esquecemento clamoroso: non se lembrou de falar dos labregos e labregas e dos grandes problemas que están a padecer. O SLG, para refres-

carlle a memoria, non só criticou publicamente esta actitude, senón que lle pediu medidas concretas para relanzar ao sector lácteo, coma a creación de contratos homologados que garantan un prezo mínimo para o leite.

Páxs. 7 e 8





Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións:

Marcos Louzao, Torrecilla, Xoán Monasterio, Celso Milleiro, Xan Pouliquen e Vitor Otero.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO**

COMISIÓN
LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
MUXÍA - Antiga autoescuela Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES
Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrecán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Local AISS
Tel. 988 321511 / Fax: 988326823
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
CASTROCALDELAS
Sala do Sotelo de Castro
MONTEDERAMO
Local da Cámara Agraria
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO
Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrecán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO
Rúa Martínez Pardo nº13, 1º esq
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL
Rúa Ramón Franco, Edf. Rosales.
Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 986 711825
VIANA DO BOLO
Antigo centro de saúde.



Diversos cartaces editados con motivo do Día Internacional contra a Coca Cola. De esquerda a dereita, e de arriba a abaixo, os seus lugares de procedencia son o Reino Unido, Colombia, Estados Unidos e Italia. O denominador común deles é a denuncia contra a violencia xenerada por esta marca e a apelación á conciencia da cidadanía.

Faíscas de morte en la chispa de la vida

O 22 de xullo celebrouse por vez primeira en todo o mundo o Día Internacional contra a Coca Cola

A quen lle pareza que a Coca Cola é un simple refresco está moi trabucado. Trala impecable imaxe de marca desta poderosa multinacional cuns beneficios de 4.000 millóns de euros cada ano, podería agacharse unha escura realidade

na que impera a represión contra sindicalistas -con asasinatos, secuestros e despedimentos arbitrarios-, o emprego de man de obra infantil, a discriminación racial ou o envelenamento da terra con químicos de gran toxicidade.

Todo isto, e moito máis, denunciárono dúcias de organizacións en todo o mundo o pasado 22 de xullo, Día Internacional contra a Coca Cola. A decisión de crear esta xornada tivo a súa orixe no último Foro Social de Porto Alegre nun intento de facer chegar á opinión pública feitos que, en moitas ocasións, o meirande dos medios informativos non se atreven a desvelar.

Quizais, o caso máis sangrante da cara escura da Coca Cola é o da violencia exercida contra os dirixentes e afiliados de Sinaltrainal (Sindicato Nacional de Traballadores da Industria de Alimentos de Colombia). Esta organización xa denunciara o 20 de xullo de 2001, ante o tribunal do distrito do sur de Florida, as prácticas criminais da embotelladora colombiana da marca estadounidense.

Segundo este sindicato colombiano, Coca Cola Company,

Coca Cola de Colombia, a súa filial Panamco SA e Bebidas e Alimentos Uraba son responsábeis, por acción ou omisión, dunha auténtica política de aniquilamento dos movementos sociais e sindicais deste país latinoamericano. Traducida en cifras, Sinaltrainal fala do asasinato de nove traballadores, o exilio de dous, o desprazamento forzado de 48, ameazas de morte contra 67, ou o encarceramento por falsas acusacións de máis de quince obreiros grazas ás calumnias dos funcionarios da multinacional.

Os executores deste tipo de prácticas, segundo o sindicato, serían paramilitares en complicidade coas forzas armadas e os corpos de seguridade do Estado. E todo para permitir unha política laboral con prácticas coma o descoñecemento total dos convenios colectivos por parte dos traballadores, ou que un 86% da man de obra sexa subcontratada con salarios miserentos.



Inseguridade laboral, racismo, traballo infantil e contaminación con agrotóxicos

A xornada de protesta contra La chispa de la vida, eslogan co que se coñece ao famoso refresco, favoreceu a saída á luz pública de denuncias contra ela vidas de todo o mundo: A

India, Panamá, O Salvador, Brasil, o Reino Unido, e incluso na súa propia casa, os Estados Unidos. A isto habería que engadir que Coca Cola elabórase cunha das recetas mellor


gardadas do planeta que contén entre os seus ingredientes, segundo Solidariedade.net, ácido fosfórico, o que a converte nun eficaz e corrosivo produto de limpeza nada san para a saúde.

A política abusiva e criminal de Coca Cola non só se impón en Colombia. Noutros países como **Panamá**, en outono de 2002, oito sindicalistas foron despedidos, incumprindo o contrato, da envasadora local de Coca Cola por reclamar mellores condicións de traballo.

Boa parte do concentrado de zume de laranxa elaborado por Coca Cola para produtos como Cappy ou Minute Maid procede do **Brasil**. Alí, os traballadores e traballadoras das plantacións cobran menos de doce euros diarios de soldo. Isto fai que un tercio teñan uns ingresos por debaixo do mínimo necesario para alimentar a unha familia, o que obriga a moitos nenos a traballar para contribuír aos ingresos dos seus proxenitores.

A Central Izalco, embotelladora en **O Salvador** de Coca Cola, merca o azucre para os seus produtos a catro plantacións que empregan habitualmente man de obra infantil. Así, Coca Cola faise cómplice dunha realidade laboral que permite que un tercio dos traballadores salvadoreños na colleita de caña sexan menores de 18 anos, moitos dos cales comezaron a traballar nas plantacións cando tiñan entre 8 e 13 anos. A Organización Internacional do Traballo estima que, polo menos, 5.000 menores -cifra que podería ascender a 30.000- fan este tipo de traballo en O Salvador.

O 8 de agosto de 2001, Coca Cola foi condenada a pagar 192'5 millóns de dólares en **Estados Unidos** pola discriminación racial exercida contra os seus traballadores e traballadoras afroamericanos.



A pancarta que sostén este home reza "Fin aos asasinatos de líderes sindicais en Colombia"

Segundo a emisora británica BBC, Coca Cola contaminou, no ano 2003, grandes superficies agrícolas en Kerala, na **India**, con produtos químicos altamente tóxicos e, en parte, canceríxenos, coma chumbo e cadmio. A isto

acompañou o esaxerado consumo de auga da multinacional naquela zona, o que provocou unha seca con consecuencias catastróficas para a agricultura local.

Tamén na India se descubriu que esta multina-

cional estaba a vender refrescos -ademais de Coca Cola, Fanta e Sprite- que contiñan pesticidas nunha proporción trinta veces superior á permitida na Unión Europea e con presenza de DDT, que pode causar can-

cro e graves danos no sistema inmunolóxico. Nas protestas contra Coca Cola neste aís asiático foron detidas 300 persoas.

No **Reino Unido** descubriuse, recentemente, que Coca Cola vendía, embotellada coa marca Danasi e a un prezo de 1'41 euros o litro, auga da traída de Londres.

Os beneficios da violencia

Con datos do ano 2002, queda ben patente que o uso indiscriminado da violencia -sexa física ou laboral- é un grande negocio para a multinacional norteamericana. Coca Cola tivo nese ano un volume de vendas de 19.600 millóns de euros, das que lle quedaron limpos uns beneficios de 4.000 millóns de euros. Con sede en Atlanta (Georgia, Estados Unidos), dá emprego a 600.000 traballadores e é propietaria, entre outras marcas, de Aquarius, Bonaqua, Cappy, Coca Cola, Fanta, Kinley, Minute Maid, Powerade ou Sprite.

Un corrosivo produto de limpeza

Unha das facetas máis descoñecidas de Coca Cola é que limpa aquilo que moitos deterxentes non conseguen. Segundo Solidariedade.net, isto débese a que un dos ingredientes activos da Coca Cola é o ácido fosfórico, que cun PH do 2'8 é quen de disolver un cravo en catro días. Vexamos as curiosas utilidades do refresco máis famoso do mundo:

■ En Estados Unidos, moitas unidades da Patrulla dos Camións levan canda si garrafas de Coca Cola para limpar os restos de sangue que fican no asfalto tras un accidente.

■ Se cubre un anaco de carne con Coca Cola, desaparecerá en dous días.

■ Para limpar un inodoro: baleire unha lata de Coca Cola dentro da cubeta do váter, déixea unha hora en repouso, e despois tire da cadea. Coca Cola dará coas manchas.

■ Para quitar as manchas dos gardalimas dos automóbiles, fregue o cromado cun anaco de papel de aluminio mollado en Coca Cola.

■ Para limpar a corrosión nos terminais da batería do seu coche, bote unha lata de Coca Cola sobre eles e as burbullas levaranse a corrosión.

■ Para afrouxar un parafuso enferruxado, aplíquelles Coca Cola cun trapo durante varios minutos, ou mergulle o parafuso nunha lata de Coca Cola.

■ Para as manchas de graxa na roupa, coloque as prendas sucias na lavadora e bótelles por riba unha lata de Coca Cola. Despois engada o deterxente e lave cun ciclo completo. As manchas de graxa desaparecerán, pero poden chegar a destinxir algunhas prendas.

■ Coca Cola tamén é un excelente

limpador para os parabrisas dos automóbiles. Basta limpar cun trapo mollado no refresco.

■ Os distribuidores de Coca Cola levan usando o seu propio produto dende hai máis de dúas décadas para limpar os motores dos seus camiós.

En canto á Coca Cola como bebida, Solidariedade.net advirte de certos efectos secundarios que, normalmente, a xente descoñece. O ácido fosfórico deste refresco é moi prexudicial para o calcio dos ósos e un dos maiores contribuíntes ao aumento da osteoporose.

Un dato a ter en conta é que en moitos países, informa o portal dixital, os camiós que transportan o concentrado de Coca Cola deben portar a tarxeta de Material Perigoso, reservada para substancias altamente corrosivas.

editorial

O 25 de xullo, Día da Patria Galega, é unha boa escusa para reflexionar sobre algunhas accións que podemos emprender para aportar o noso pequeno gran de area a esa obra inacabada que chamamos Galiza. Neste mundo globalizado que nos tocou gozar e sufrir -porque algunhas cousas boas sobreviven na globalización por riba dos seus terribles efectos perniciosos-, semella difícil loitar contra o que se nos antolla como unha hidra á que lle medran varias cabezas máis cando, malamente, lle das cortado unha. O inimigo é tan vasto que a vista non alcanzamos a enxergalo, tan forte que ás penas escoita o noso berro nin sinte a nosa rabia, tan ensimesmado no seu labor de devorar todo o que os seus tentáculos atrapan que é incapaz de apercibir a dor e o sufrimento multiplicado por millóns que a súa premeditada inconsciencia xera, tan esfarelado aos catro ventos que se nos escapa entre os dedos cal presa de area.

Grandes multinacionais que non entenden de fronteiras e que se rexen só pola lei do máximo beneficio a costa do que sexa: vidas, natureza, cultura; que teñen atrapados coas súas gadoupas aos gobernos dos países -sexan democracias ou dictaduras-; que ostentan tanto poder como para virar as leis que promulgan os Parlamentos ou os dictadores ao seu favor; que fan dos medios de comunicación a súa propia voz, sempre hipnótica e engaiolante, o felo amábel que agacha moreas rapacidade cínica e criminal.

Unha proposta para facer patria

O Día da Patria Galega cadrou na mesma semana que outra xornada menos famosa para nós pero que, de seguro, vai dar que falar: o Día Internacional contra a Coca Cola. E foi contra a Coca Cola como podería ter sido contra calquera outra poderosa transnacional que se dedica a rapinar beneficios das dentadas que lle dá ao noso futuro. Foi Coca Cola, pero puido ser Nike, Adidas, Nestlé, Monsanto, Syngenta, Aventis, Kraft, Philip Morris, Novartis ou McDonalds, por só citar algúns casos salientábeis, e sen esquecermonos dos paxes, bufóns e cortesáns que completan a corte: grandes superficies comerciais, distribuidores, intermediarios, almacenistas, toda unha inmensa estrutura disposta a vendernos o que sexa, a calquera prezo, e a deixarnos satisfeitos coa nosa compra.

Un acto tan simple coma ir a un supermercado e mercar un refresco ou uns tenis pode supor financiar crimes coma o traballo infantil ou en condicións de escravitude, a destrución do medio ambiente, o asasinato, a extorsión, o secuestro, o envelenamento da nosa saúde a través do que levamos á boca, etcétera. De todo isto acusan dúcias de organizacións de todo o mundo ao xigante da Coca Cola.

E diante disto, vén a pregunta do millón: ¿Que podo facer? Pois moitas cousas. Hoxe, alomenos no primeiro mundo, a revolución pode comezar na cesta da compra, na posibilidade de coutar a billa pola que os xigantes do comercio mundial engulipan diariamente billóns e billóns saídos directamente dos nosos petos.

Daquela, podemos comezar por informarnos, saber a quen lle estamos dando os nosos cartos. Temos unha ferramenta accesíbel e doada para superar esta primeira etapa: Internet. Todo está en Internet, ou case todo. Accedede a un buscador, por exemplo Google, e tecleade "Coca Cola". Xa na primeira páxina, ademais dos sitios oficiais, atoparedes algúns que encabezan con "Rebelión, a cara oculta de Coca Cola" ou "Boicot Coca Cola". O mesmo sucederá ao teclear nomes como Nike, Adidas, Nestlé ou McDonalds. E iso sen contar coas webs de organizacións que informan regularmente sobre a cara oculta do mercado: Sindicato Labrego Galego, Confederación Intersindical Galega, Amigos de la Tierra, Intermón Oxfam, Solidaridad.net, Indymedia, son algunhas delas, pero hai centos.

Segundo paso: unha vez que te decatades de que o meirande dos

produtos que mercas deberían ser probados nun tribunal en troques de mercadorías nos andeis do súper, preguntáste ¿que mercar?, ¿e onde? Aquí tamén temos moitas posibilidades, pero xa que estamos no Fouce defenderemos unha das principais reivindicacións do Sindicato Labrego Galego: a venda directa. En Galiza, hai moitos labregos e labregas que cultivan e producen alimentos de xeito sostíbel e respectuoso co medio ambiente, e que venden directamente o froito do seu traballo á cidadanía a través de pequenos comercios e feiras.

Consumir estes alimentos supón que cos teus cartos financias a xeración de riqueza no noso fráxil e vulnerado medio rural, que promove medios de produción respectuosos co medio ambiente e alternativos á agresiva industria agroalimentaria, garantindo a continuidade de explotacións labregas e contribúes a fixar poboación en eidos que están a ficar desertos, que marxinas a inxusta explotación dos beneficios labregos por parte de intermediarios e distribuidores, e que ganas moito en saúde, pois ten por seguro que os alimentos labregos están a anos luz en calidade, sabor e seguridade con respecto aos producidos de xeito industrial. Velaí unha maneira de facer patria. Hai moitas máis, pero por algo se empeza. Anímate, e a próxima vez que sintas necesidade de calmar a túa sede esquéte de la chispa de la vida e mételle o dente a unha mazá de San Xoán, que por esta época xa viñeron a maduro.

Levamos xa moitos anos de privatización e son poucas as cousas que nos poden sorprender. Digo isto, xa non porque certo grupo de empresarios e demais persoal próximo aos gobernos de Madrid se fagan propietarios de empresas e servizos anteriormente públicos de forma case gratuita. Pois ben, isto non só é unha práctica habitual de enriquecemento rápido duns poucos, senón que este tipo de xestións pseudo-fraudulentas acaban repercutindo no día a día do resto da sociedade e de forma directa.

Conto todo isto porque unha das áreas da Administración que foron sometidas a este tipo de privatización é a xestión a través das mutualidades das incapacidade temporais, enfermidades profesionais e dos accidentes de traballo. É dicir, cando os agricultores e agricultoras, ou gandeiros e gandeiras efectúan o pago correspondente da Seguranza Social, unha parte deses cartos teñen como destinatario obrigatorio as mutualidades. Polo tanto, ese diñeiro vai para entidades privadas que, como calquera empresa, teñen como única finalidade tirar o maior lucro posíbel.

Pois ben, como non lles foi suficiente permitir

Non podemos permitir que as mutualidades atenten contra os nosos dereitos

por Marcos Louzao

a xestión dunha área social tan importante para calquera taballador/a por un ente privado agora, na práctica, podemos ver como estas mutualidades aplican as normas ao seu antollo e con criterios inadmisíbelmente restrictivos á hora de tramitar as nosas baixas laborais. Indo aos casos particulares, a mutua FREMAP leva cometendo atropellos constantes contra os dereitos dos traballadores e traballadoras. A todo agricultor ou agricultora que o seu médico dá de baixa por incapacidade temporal, dita mutua comeza a esixir todo tipo de documentos privados e persoais que non ten dereito a pedir e que nin sequera reclama un organismo público como, neste caso, o Instituto Nacional da Seguranza Social ou a Tesourería Xeral da Seguranza Social. En todas as notificacións que FREMAP envía, deixa ben claro que a non achega de dita documentación suspenderá inmediatamente o pago

da baixa correspondente.

Son varios os casos de afiliados do Sindicato Labrego Galego que se opuxeron ao envío de dita documentación e percibiron os cartos correspondentes á baixa, iso si, previos trámites realizados polos diferentes locais do SLG, xa que, de non facer así, FREMAP suspende os ditos pagos. Podería seguir enumerando casos desta mesma caste e, precisamente, coa mesma mutua como protagonista.

Pois iso, sería necesario que todos os afiliados e afiliadas que tivesen a mutua FREMAP se dirixisen ás oficinas do SLG para facer o cambio a outra. E, do mesmo xeito, si se coñecen casos similares con outras mutualidades é necesario dálo a coñecer para que os dereitos da xente non se vexan aniquilados deste xeito; porque, para acadar plenos dereitos para todos/as, hai que comezar a reivindicálos por un mesmo.

A Xunta recúa na intención de prohibir usos agrarios nas terras queimadas

A retractación produciuse un día despois de que o SLG criticase esa postura errónea nun comunicado

Galiza está a vivir o peor ano da súa historia en cuestión de lumes forestais. Cando comezaba o mes de agosto, xa arderan 26.900 hectáreas. Delas, 10.900 hectáreas arderon entre o 18 de xullo e o 2 de agosto, superando á toda a superficie queimada en 2003, e á que ardeu no que -ata o de agora- foi o peor ano para os incendios na Galiza: 1997, cando ficaron arrasadas 24.497 hectáreas entre o 1 de xaneiro e o 15 de agosto. En tanto, a Xunta e o Goberno Central elucubran hipóteses para agachar o fracaso da súa política preventiva de incendios.

Nun cruce de acusacións que semellaba unha cortina de fume para ocultar unha política contra incendios que se está a amosar coma un rotundo fracaso, a Ministra de Medio Ambiente, Cristina Narbona, e o seu homólogo galego, Xosé Manuel Barreiro, chegaron a atribuír a finalidade dos lumes a intereses agrícolas.

O Sindicato Labrego Galego saíu inmediatamente ao paso das declaracións de Cristina Narbona, que afirmou que se arrasaba o monte para cultivar posteriormente viñedos en Ourense. Nun apoio inxustificable a esta tese, o Conselleiro de Medio Ambiente declarou á prensa que se estaba a elaborar un decreto para prohibir plantar viñedos



Os lumes forestais asolaron Galiza, unha vez máis, durante os meses de xullo e agosto

en terreos afectados por incendios.

Afortunadamente, organizacións agrarias coma o

Sindicato Labrego, e incluso a mismísima Consellería de Política Agroalimentaria, saíron ao paso para desmen-

tir tales conxecturas e desautorizar tan inxustificables accións.

O Sindicato Labrego

Galego criticou que semellante medida non só deixaría sen solucionar o gravísimo problema do lume que Galiza está a sufrir, senón que podería supor un grave prexuízo para moitas familias labregas que, por riba de apañar cos efectos devastadores dos incendios, verían minguadas as posibilidades produtivas das súas terras.

Curiosamente, ao día seguinte das críticas do Sindicato Labrego Galego, Xosé Manuel Barreiro e a Xunta retractáronse do declarado nos xornais o día anterior, dando marcha atrás na súa intención de prohibir usos agrarios nas terras queimadas, desautorizando á Ministra de Medio Ambiente, e defendendo aos labregos.

Sen descartar as diversas intencións que poden dar orixe a un lume forestal, dende o SLG temos que denunciar que a causa fundamental da proliferación de incendios é outra moi distinta á que están apuntando diversos políticos. O lume ten o seu caldo de cultivo no peche masivo de explotacións labregas, que provoca o abandono do medio rural e o seu despoboamento, unha condena que sofre o noso agro por mor das nefastas políticas agrarias do PSOE e do PP. ¿Acaso non se decatan Barreiro e Narbona de que as zonas que están a ser devastadas polos incendios son, precisamente, as que teñen o medio rural máis abandonado e despoboado: Ourense e o sur de Lugo?

As actividades agrícolas e gandeiras de tipo familiar e labrego sempre foron a base fundamental do equilibrio medioambiental do noso rural. Dende logo, o lume non proliferaría en agros con praderías e leiras en activo, cos camiños ben coidados, cunha poboación que mantivese os terreos e montes limpos de

O abandono rural e a desertización do agro tralos incendios

maleza con rozas regulares e pastoreo, cunha silvicultura baseada no sentido común e non no beneficio especulativo, ou co simple mantemento dos cortalumes.

Pola contra, temos un agro desértico e despoboado -sobre todo na provincia de Ourense e no sur de Lugo- sumido no total abandono que favoreceron as políticas agrarias do PP e do PSOE; con reforestacións incontroladas de eucalipto invadindo terras que antes eran de uso agrícola e que, incluso, chegan á beira das casas, co perigo que iso supón en caso de incendio, aproveitándose do baleiro

legal existente; sen habitantes que coiden do seu mantemento; con miles de hectáreas a monte inzadas de maleza que son un pasto ideal para as lapas.

Para o SLG, a única solución para facer unha política de prevención dos incendios efectiva e definitiva é a elaboración dun mapa dos usos agrarios do solo de Galiza, un mapa onde apareza definida a tipoloxía e destino de cada metro cadrado de solo no noso País e os seus usos, que marque claramente que terras deben ser para explotación forestal e silvícola, cales para pastos e cales para leiras, hortas



ou viñedos. Esta é unha das reivindicacións históricas do SLG, e con ela non habería posibilidade algunha de especulación cos usos da terra, nin sería posible a proliferación descontrolada de plantacións forestais de eucalipto. ¿Por que non legislan para atallar este tipo de prácticas nin o PP nin o PSOE?

Así mesmo, cómpre un troco radical nas políticas agrarias para facer que estas miren polos intereses das explotacións labregas e non das industrias agroalimentarias e forestais, políticas agrarias que busquen fixar máis poboación no campo e frear o despoboamento agudo que está a sufrir. Trátase dun paso moi necesario para que o noso medio rural e o noso entorno natural recuperen o equilibrio perdido.

Tomar outro tipo de medidas, como prohibir plantar viñedos en terreos afectados polos incendios, non solucionará o problema e si causará moitos prexuízos a miles de familias labregas que só queren vivir do seu traballo e nada teñen que ver coa especulación do solo ou cos lumes forestais.

Absolven a Xosé Manuel Puga no xuízo pola tractorada da pataca

Insatisfacción sindical por saíres tamén libres de culpa os policías agresores

Tres semanas despois do xuízo de Ourense pola tractorada da pataca, a maxistrada Beatriz das Neves Álvarez dictou unha sentenza agri-doce: absolveu ao compañeiro Xosé Manuel Puga, tal e como pedía a defensa do Sindicato Labrego; pero deixou sen culpa aos policías imputados pola brutal e inxustificada malleira contra os manifestantes.



O proceso pola tractorada da pataca tivo unha grande repercusión social en Ourense

Segundo a sentenza, "os axentes da policía empregaron a violencia necesaria neste tipo de incidentes. En opinión do Sindicato Labrego Galego, esta resolución é inxusta, sobre todo se temos en conta que no xuízo non se permitiu a presentación de probas que podían ser determinantes á hora de inculpar aos policías, coma un vídeo onde estaba rexistrada a carga contra os manifes-

tantes, ou a declaración de dúas testemuñas.

O propio Xosé Manuel Puga declaraba o pasado 24 de xuño, á saída do xuízo, que "estivemos toda a mañá discutindo sobre os pormenores e autoría dos feitos cando todo iso estaba perfectamente documentado con fotos, co vídeo, e coas testemuñas que levabamos. Pareceume sorprendente que a xuiza non aceptase ningunha das

testemuñas que nos propuñamos para verificar o acontecido, nin o vídeo onde se podían ver todos eses detalles dos que estive-mos discutindo durante a mañá. Eu creo que colleron medo co vídeo xa que, se cadra, ver as imaxes obrigáboas a ir de cheo contra os policías ao corroborar que nos agrediron e que deron paos a todo o mundo. Para min que preferiron curarse en saúde".

A Xunta pretende impoñer o modelo de certificación forestal defendido pola industria

O 17 de xullo reuníronse varias asociacións no Pazo da Cultura de Pontevedra para crear o grupo de apoio galego ao modelo de certificación forestal FSC (Forest Stewardship Council, ou o que é o mesmo, Consello de Administración Forestal).

Entre as asociacións alí reunidas atopábase a Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais e en Man Común (ORGAC-CMM). Asistiron ao encontro, ademais, varias mancomunidades de montes veciñais galegas, a Unión de Terreos Cinexeticamente Ordenados de Galiza, e a Asociación Micolóxica Galega, e o Colexio de Enxeñeiros Técnicos Forestais. Aínda que non puideron asistir, si subscribiron os acordos o Sindicato Labrego, a Federación Ecoloxista Galega e a Universidade.

De cara á organización do Consello de Administración Forestal, estableceuse unha división de responsabilidades por cámaras -social, económica, ambiental e consultiva-, e acordouse unha xuntanza en setembro para nomear a xunta directiva.

Outro tema que ocupou este encontro foi un debate sobre o anuncio da Consellería de Medio Ambiente de certificar 50.000 hectáreas mediante o modelo do Sistema Paneuropeo de Certificación Forestal (PEFC) nas superficies xestionadas mediante convenio. Neste sen-

so, criticouse "o inveterado costume da Consellería de facer as cousas sen o consentimento dos propietarios dun grupo de comunidades de montes conveniadas ou, para vergonza da Xunta, consorciadas".

Tamén se sacou a colación o "uso prepotente que fai a Consellería dos seus poderes en contra da recente Lei de Montes estatal", que fala da obriga de "transparencia, voluntariedade, ausencia de discriminación e libre competencia" por parte das administracións en temas de certificación forestal. Diante desta situación, acordouse facer investigacións e, se houbera base, presentar denuncias.

Cómpre dicir que o modelo PEFC que intenta impoñer a Xunta recibiu duras críticas de moitas asociacións ecoloxistas de toda Europa, en especial Greenpeace, que afirman que "non ten credibilidade porque foi promovido polos intereses da industria forestal, e está gobernado por eles. No modelo PEFC prevalecen criterios económicos, e marxínanse os de tipo social e ecolóxico.

Os membros do PEFC no Estado son boa expresión dos intereses perseguidos: fabricantes de taboleiros e de papel, empresarios e Asaja (Xóvenes Agricultores). A única institución pública de todo Estado que forma parte do PEFC é a Consellería de Medio Ambiente.

O SLG asina un convenio coa Deputación da Coruña para informar sobre a PAC

A Deputación da Coruña e o Sindicato Labrego Galego formalizaron, o pasado 4 de agosto, un convenio para que a organización sindical realice na provincia coruñesa unha campaña formativa sobre os cambios na Política Agraria Común (PAC).

Para poder cumprir esta fin, o SLG recibirá unha axuda económica de 150.000 euros por parte do ente provincial. A cambio, o sindicato terá que promover 139 accións formativas e actos divulgativos nos concellos da provincia sobre a PAC e as axudas e subvencións da Unión Europea ao sector.

O convenio foi asinado polo titular do goberno provincial, Salvador Fernández Moreda, e pola Secretaría Xeral do SLG, Lidia Senra, asistindo tamén o vicepresidente, Xaime Bello.

Con esta campaña preténdese ofrecer información aos titulares das 26.000 explotacións labregas que existen na provincia. Ademais da campaña informativa, o SLG asesorará na petición das axudas europeas. Senra explicou que "non só se trata de informar sobre as axudas, senón tamén sobre os temas que poidan incidir no futuro das súas explotacións".



TORRECILLA

O convenio entre o SLG e a Deputación beneficiará aos labregos e labregas coruñeses

O SLG esixe ao Goberno medidas para salvar ao sector lácteo

Agricultura debe apostar polas explotacións familiares e labregas e non pola industria e os especuladores

O Sindicato Labrego Galego denunciou, aproveitando a visita do Presidente do Goberno, José Luís Rodríguez Zapatero, a Galiza, que o sector lácteo estatal, e en especial o

galego -que representa á metade das explotacións-, está atravesando dende hai anos unha fonda crise debida á aplicación dunha Política Agraria Común (PAC) deseñada para favore-

cer á industria e aos negocios especulativos relacionados co sector agrario. Polo de agora, o Goberno de ZP só puxo en marcha algunhas medidas tímidas, positivas pero insuficientes.

Nun comunicado feito público, o SLG dicía que Galiza se atopa agora nunha situación na que o prezo do leite segue sen amosar signos de recuperación, namentres que os custes de produción estanse a disparar mes a mes, tendendo a cero o beneficio de moitas explotacións leiteiras.

Este é o punto do que parte un círculo vicioso: as explotacións, para acadar beneficios, vense na obriga de producir máis para gañar o mesmo, o que favorece un aumento desorbitado do prezo da cota láctea, que é un investimento imprescindible para poder producir que as hipoteca para o futuro.

Isto provoca unha mingua do beneficio final da actividade produtiva de xeito inmediato, e unha constante destrución de explotacións que non resisten esta carga financeira, o que está agudizando o intenso despoboamento que sofre o medio rural, coa desaparición de



O SLG esixe contratos homologados que garantan un prezo digno para o leite recollido

moitas parroquias.

A cota láctea galega segue sendo cativa

Os datos da produción de leite correspondentes á campaña 2003-2004 volveron demostrar que Galiza é o país que máis está a sufrir a

imposición dunha cota láctea inxusta que lle impide medrar para producir leite de acordo coas súas posibilidades.

Segundo as estatísticas do Ministerio de Agricultura, Galiza superou nun 20% a súa cota asignada, que é de

1'87 millóns de toneladas, coas provincias de Lugo e A Coruña á cabeza da produción.

Por fortuna, no conxunto do Estado Español non se superou a cota, polo que desta vez non haberá que pagar supertaxa.

Uns primeiros pasos tímidos co Plano de Abandono da Produción

Aínda que non é oficial, polo de agora, o Ministerio de Agricultura semella que ten intención de tomar unha serie de medidas, en principio beneficiosas e positivas, para o sector lácteo.

En primeiro lugar, o Ministerio de Agricultura redactou o borrador dun Plano da Abandono da Produción Láctea que estará financiado con 25 millóns de euros e traerá como novidade que as indemnizacións serán máis grandes contra máis pequena sexa a cota abandonada e máis idade teña o gandeiro ou gandeira que se retire.

O prazo barallado para acollerse a este plan é o 30 de setembro de 2004, e cóntase con que se publique a orde

o 19 de agosto (máis información na páxina 14). A cota procedente deste Plan de Abandono engrosará a reserva estatal e, segundo o Ministerio, venderase á metade de prezo que se adquiriu.

Para o SLG, estas medidas poden ser positivas, xa que o Plan de Abandono virará unha tendencia que estaba a ser desastrosa para o sector xa que, en troques de quitarlle a cota aos máis pequenos para darlla aos máis grandes, farase ao revés, e repartirase esta entre as explotacións de tipo familiar. Precisamente, esa debe ser a premisa de todo Plan de Abandono: facer viables as explotacións que aínda sobreviven.

Ademais, o feito de reforzar a reser-

va estatal de cota tamén é positivo, pois é un xeito de frear a especulación, pois o que necesitan as explotacións realmente é que as deixen producir, e non ser propietarias dos dereitos. Isto último só interesa aos especuladores.

De todos xeitos, aínda que dende o SLG se consideran beneficiosas estas medidas, son aínda insuficientes, quedando materias sen tocar tan importantes coma o artellamento de mecanismos legais que garantan a estabilidade duns prezos dignos e solucionen a actual situación na que as explotacións están indefensas ante as arbitrariedades e imposicións da industria e as maquinacións dos negocios especuladores.

As medidas que pide o Sindicato Labrego para relanzar o sector

Dende o SLG instouse ao Ministerio de Agricultura a adoptar as seguintes medidas para relanzar ao sector lácteo:

■ Establecer mecanismos que estabilicen os prezos, coma contratos homologados e obrigatorios entre industria e produtores que fixen un valor mínimo para o leite e garantan unha rendibilidade que cubra os custes de produción, o traballo e a amortización dos investimentos nas explotacións.

■ Frear o mercado de cotas, pois a compravenda de dereitos só pode favorecer unha especulación en favor dos que teñen grandes cantidades de capital para investir. Unha vía para isto pode ser a recuperación da reserva nacional para distribuír cota entre as explotacións que realmente a necesitan, é dicir, aquelas cuxo medio de vida depende de producir.

■ Deixar de promover aos entes especulativos do sector. Pola contra, Agricultura debería apostar polas explotacións lácteas de tipo familiar e extensivo cun modo de traballo sustentábel, que son quen de xerar a máxima rendibilidade sen chegar a producións esaxeradas e supoñen un factor de primeira orde para manter con vida ao medio rural.

En definitiva, o que pide o SLG é que o Ministerio de Agricultura comece a apoiar á gandería e ás explotacións de tipo familiar en troques das grandes industrias e dos negocios especulativos que lle están chuchando o sangue ao sector.

O SLG e Medio Ambiente falan para mellorar a ecoloxía do agro

O Director Xeral de Calidade Ambiental informou sobre o Plano de recollida de plásticos agrarios

O Secretario de Organización do Sindicato Labrego, Xoán Monasterio, reuniuse o 14 de xullo co Director Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Xosé Manuel Álvarez, para tratar o tema da reciclaxe dos plásticos


derivados das prácticas agrarias. Xosé Manuel Álvarez informou dos pormenores do novo Programa de recollida e reciclaxe de plásticos agrícolas de Galicia que vai impulsar a Consellería de Medio Ambiente.

O programa comezará a funcionar en novembro de 2004 cun orzamento inicial dun millón de euros. Con estes cartos pénsase construír unha planta de tratamento en Guntín (Lugo), onde se limpara e esnaquizará todo o plástico agrario recollido no noso país para vendelo, despois, para a súa reciclaxe.

Para poder recoller o plástico das explotacións, Medio Ambiente prevé crear puntos limpos de recollida nos municipios galegos, e negociará coas cooperativas agrarias a posibilidade de que poidan funcionar tamén como centros de recollida.

Tamén é importante o dato de que esta recollida e reciclaxe non custará nin un céntimo aos labregos e labregas, pero que deberán colaborar levando os plásticos que xeren co seu traballo aos puntos de recollida máis achegados no seu concello.

Dende o SLG valorouse positivamente esta medida, pois solucionará un grave problema ambiental para o que a organización agraria viña reclamando solucións dende hai anos.



Neste mapa de Galiza, as zonas sombreadas en cor clara son as que producen máis plásticos de silo; as coloreadas de negro, as que xeran máis a partir de invernadoiros

A agricultura galega produce 7.700 toneladas de plástico cada ano

Cómpre pensar que a actividade agraria xera 7.700 toneladas de plástico ao ano en Galicia sen que houbese, ata o de agora, unha alternativa para desfacerse del.

Só nos plásticos de invernadoiros que fican de refugallo cando o paso do tempo os deixa inservibles ascende a 900 toneladas anuais.

Pero o meirande provén da enorme cantidade derivada cada ano por mor do ensilado: 4.800 toneladas de plástico de silo e 2.000 toneladas de bolsas para esta actividade. Daquela, o

principal uso que se lle dá en Galiza ao plástico de filme é o de ensilado (62%), mentres que o uso de plásticos de invernadoiro supón unha proporción bastante menor (12%). O 26% restante destínase a outras aplicacións, como por exemplo bolsas.

A agricultura no Consello Galego de Medio Ambiente

Por outra banda, no encontro mantido entre o Secretario de Organización do SLG e o Director Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

tamén se falou do Consello Galego de Medio Ambiente e da posibilidade de crear, dentro del, unha sección específica para a agricultura.

Finalmente, o Sindicato Labrego Galego acordou con Medio Ambiente remitirle un informe completo coas problemáticas ambientais detectadas no agro galego para que poida servir de referencia á hora de tomar medidas e emprender accións de cara a mellorar a protección e conservación do noso entorno e calidade medioambiental.

Zapatero esquecese dos labregos e labregas na súa visita a Galiza

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Lidia Senra, asistiu como invitada á cea organizada polo Concello de Santiago, no Hostal dos Reis Católicos, con motivo da visita a Galiza do Presidente do Goberno, José Luís Rodríguez Zapatero, o pasado 7 de xullo.

Lidia Senra ficou sorprendida diante do discurso de Zapatero, pois nel o Presidente do Goberno lembrouse de case todos os sectores da vida social e económica galega -naval, pesqueiro, universitario, innovación, etcétera- pero non dixo nin unha soa palabra sobre o medio rural, nin sobre gandería ou agricultura de Galiza.

Inmediatamente, o Sindicato Labrego Galego fixo público o seu malestar diante deste lapsus tan clamoroso de Zapatero con respecto a un sector social e económico que está a atravesar, dende hai anos, unha das reconversións máis brutais e críticas da nosa terra, coa desaparición de miles de explotacións cada ano, perda masiva de postos de traballo, e desertización progresiva e imparable do medio rural.

Dende o SLG confiaron en que "a lamentable omisión do Presidente non se vexa reflectida nas accións do seu Goberno", pois en caso contrario "tentaremos refrescarlle a memoria coa nosa máis frontal oposición".

Ovica participou na Feira de Gando Autóctono de Castela e León

A Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galiza (Ovica) participou, entre o 27 e o 29 de xuño, na duodécima Feira de Gando Autóctono de Castela e León.

Ovica fixo unha exposición de catro exemplares de ovella de raza Latxa, procedentes da Escola Silvopastoril de Allariz; e outros tantos de cabuxa de Cachemir procedentes do monte veciñal de Toca, en Samos.

O SLG oponse aos acordos da OMC para liberalizar os mercados agrarios

As decisións prexudicarán á agricultura familiar de todo o mundo para beneficiar ás multinacionais

Tralo seu fracaso en Cancún, a Organización Mundial do Comercio (OMC) vén de acadar un pequeno triunfo ao conseguir, por primeira vez, un principio de acordo entre os 147 países que

a compoñen para liberalizar os mercados agrícolas internacionais. Para o SLG, este acordo segue sen dar solución aos problemas dos países en desenvolvemento e, de pórse en marcha,

suporá a desaparición de millóns de explotacións labregas en todo o mundo e a posta en bandexa da agricultura e da gandería para beneficio das multinacionais.

O acordo conseguiuase en Xenebra (Suíza) o pasado 31 de xullo, tras varios días de arduas negociacións. Todo foron congratulacións e boas palabras e intencións: os países ricos, entre os que se atopan Estados Unidos e a Unión Europea, comprometéanse a eliminar as axudas á agricultura, comprometéndose a reducilas nun 20% o primeiro ano de vixencia do acordo.

Isto completárase cunha redución dos aranceis que protexen os produtos agrarios de cada país con respecto das exportacións estranxeiras. Esta previsto que estas negociacións se pechen en Hong Kong no ano 2005, e hai posibilidades de que se alonguen ata o 2006.



A OMC e a globalización xeran un grande rexeitamento social en todo o mundo

A pesares do optimismo co que quixeron vender a noticia o meirande dos medios de comunicación, e en contra

do que se afirma dende a propia OMC, Este acordo supón un duro golpe para a agricultura familiar europea

e non significará mellora algunha para os produtores e as sociedades dos países en vías de desenvolvemento.

Polos mercados locais, uns prezos dignos e unha alimentación sana

A "liberalización" da agricultura que tenta impoñer a OMC agudizou a crise das sociedades rurais e empobreceu ao meirande da poboación rural do mundo.

A Unión Europea e os Estados Unidos forzarán regras para beneficiar ás transnacionais, e permitirán seguir coa práctica do *dumping* (exportar a outros países a prezos inferiores aos custes de produción) que destrúe os mercados internos e locais dos cales dependen os labregos e labregas. Mentres tanto, os países importadores serán obrigados a reducir os seus aranceis e a eliminar a protección á súa agricultura que aínda sobrevivía.

O SLG, do mesmo xeito que as organizacións que integran a Coordinadora Labrega Europea e a Vía Campesina, defende a necesidade de dar prioridade á produción agraria local fronte á exportación, autorizar aos pobos a protexerse contra as importacións a baixo prezo, permitir axudas públicas aos labregos e labregas para apoiar a produción alimentaria para consumo interno, e garantir a estabilidade dos prezos agrícolas mediante uns acordos internacionais de control da produción.

Por mor disto, o SLG seguirá opoñéndose á intromisión da OMC na agricultura, pois trátase dun eido vital para o ser humano en todo o planeta por ser a base da alimentación e o xeito de vida de millóns de persoas en toda a terra.

A supervivencia da agricultura labrega e familiar no mundo está en xogo

O SLG non só rexeita o contido do acordo, senón que denuncia que se teña chegado a el, precisamente, o último día do mes de xullo, cando a cidadanía está menos pendente da actualidade e ten menos capacidade de resposta. Este proceder subliña o carácter pouco democrático da OMC, que aplica o rodete liberalizador para facilitar o camiño ás empresas multinacionais, que son as que realmente quitan proveito das súas disposicións.

A apertura do mercado agrícola só beneficiará ás multinacionais deste sector, xa que permitirá a estas producir con baixos custes en países menos desenvolvidos, con man de obra explotada en condicións moi precarias e modelos de produción nefastos para o medio ambiente e a seguridade alimentaria; e exportar



esas partidas a rexións máis ricas, cunhas marxes comerciais elevadísimas, o que destruírá o tecido produtivo familiar dos estados que reciben estas mercadorías, un tecido rural familiar que se basea nuns modelos respectuosos co entorno e que aseguran a calidade e seguridade dos alimentos que consumimos.

O SLG mantén que non se pode anteponer a promoción dunha agricultura exportadora centrada en monocultivos sen asegurar un tecido produtivo estendido sobre a base da poboación que vive e traballa no campo, baseado na diversificación de cultivos que cubran a maior parte das necesidades do País e sen potenciar a transformación alimentaria e os seus propios mercados internos.

É necesario defender o concepto de soberanía alimentaria, entendida como o dereito de cada pobo a definir as súas propias políticas agrarias e alimentarias, xa que a experiencia demostrou os perversos efectos das zonas de libre comercio para os núcleos rurais, con miles de labregos obrigados ao abandono da súa explotación para desprazarse ás zonas urbanas.

A pesares da fin da moratoria, Europa non quere os transxénicos

O Goberno Croata ordena a destrución de miles de hectáreas plantadas con millo manipulado xeneticamente

Durante o mes de xullo producíronse numerosas novas relacionadas coa polémica dos transxénicos que, a pesares da ruptura da moratoria por parte da Comisión Europea, teñen no noso continente un campo

de abono difícil. Novas leis en Alemaña, destrución legal de leiras transxénicas en Croacia ou ilegal en Francia, ou informes que desaconsellan os cultivos manipulados onde estes impidan outros modelos agrarios.

En Croacia, por exemplo, o Ministerio de Agricultura descubriu que a multinacional Pioneer vendeu millo transxénico coma se fose un híbrido convencional. O problema desta posíbel fraude radica en que Croacia ten prohibidos os cultivos de organismos xeneticamente modificados. Segundo o Ministro de Agricultura croata, Petar Cobankovic, afirmou que foron vendidos 1.759 sacos da semente transxénica, o que significa que foron plantadas unhas 2.000 hectáreas. Así as cousas, o Goberno Croata deu orde aos labregos e labregas do país para que destrúan as súas plantacións de millo manipulado, dándolles en troques unha indemnización que reclamará a Pioneer.

En Alemaña, o Parlamento Federal aprobou unha lei denominada "tecnoloxía xenética verde" para regular a coexistencia entre transxénicos e cultivos convencionais ou ecolóxicos. Esta lei fará responsábeis aos labregos e labregas que cultiven or-



Os labregos franceses téñeno claro: ante a pasividade da Administración destrúen os OXMs

ganismos xeneticamente manipulados e causen danos co pole que, de xeito incontrolado, chegue ás leiras dos veciños. Tamén, os labregos ecolóxicos que perdan a súa certificación ao ser contaminados os seus cultivos poderán presentar denuncia e reclamar danos e prexuízos. Mesmo se posibilita a intervención directa das autoridades se os trans-

xénicos contaminan zonas ecoloxicamente sensíbeis.

En Francia, o denominado "Colectivo de Segadores de OXM" destruíu unha leira experimental de transxénicos en Menville, no departamento francés de Haute Garonne. As plantas pertencían a Pioneer e á Agrupación de Estudos e de Control das Variedades e das Sementes. As especies

destruídas eran millo de dúas castes, unha resistente ao glifosfato, e outra tolerante ao glufosinato. Fronte ao milleiro de manifestantes que arrincaron as plantas atopábase o compañeiro José Bové, da Confédération Paysanne, organización que, coma o SLG, forma parte da Coordinadora Labrega Europea e da Vía Campesina. Outro grupo de "segadores"

Escándalos alimentarios non aptos para bandullos sensíbeis

Un informe publicado en Italia revelou que, no ano 2003, houbo no país transalpino máis de 15.000 infraccións por fraude alimentaria, con medio cento de detidos, 8.000 denuncias e 800 establecementos pechados.

Entre as fraudes descubertas puidéronse atopar pasteis con escaravellos, bolsas de flocos de millo con parasitos e mesmo cunha rata morta dentro, ou cogomelos con larvas. O sector máis problemático, segundo o informe, foi o da cría de animais, con casos de matadoiros sen autorización, estruturas pouco axeitadas e sucias. Tamén se denuncia o emprego de medicinas importadas de China subministradas ilegalmente aos animais, ou a utilización de ovos destinados ao consumo dos animais que son vendidos ás persoas.

anónimos reivindicou a destrución, o pasado 28 de xullo, dunha leira de millo transxénico de Biotech.

Finalmente, o Comité Económico e Social Europeo fixo público o contido dun informe que recomenda prohibir o cultivo de transxénicos en zonas onde este tipo de produción impida outros modelos de agricultura.

A Unión Europea confirma 419 positivos de vacas tolas en 2004

A enfermidade das vacas tolas segue sendo unha realidade na Unión Europea. No que vai de ano, ata xullo, detectáronse 419 casos no conxunto dos 25 países da UE, dos cales sesenta foron no Estado Español (24 en Galiza).

O país que segue estando á cabeza de positivos é Gran Bretaña, con 152 casos; seguido de Irlanda (68), España (60), Portugal (44), Alemaña (33) e Francia (31).

Con menos casos sitúanse Bélxica e Polonia (7), Holan-

da (5), República Checa (4), e Italia e Eslovaquia (3). En Dinamarca e Eslovenia non se detectou ningunha res enferma. No ano 2003, o total de casos de vacas tolas detectados na Unión Europea foi de 1.376.

Galiza á cabeza

No caso particular de Galiza, houbo 24 positivos, o que supón o 6% da Unión Europea. Galiza segue encabezando o podio estatal, pero tamén é, con diferen-

prionic) se realizan. Neste senso, no noso País fixéronse, ata o de agora, 80.275 destas probas do total de 258.000 análises feitas en toda España.

Esta cantidade de análises contrasta coa realizada noutras comunidades do Estado. En segunda posición atópase Castela e León, con 53.000 test prionic. Despois, a moita distancia, Andalucía e Cantabria ocupan o terceiro e cuarto posto, con 18.000 probas feitas cada unha.

A Unión Europea demouca mil millóns de euros no capítulo de gastos agrícolas

O 16 de xullo, celebrouse unha xuntanza dos ministros de Finanzas e Orzamentos da Unión Europea na que tomaron a decisión de iniciar unha política de austeridade, baixando en 4.300 millóns de euros os créditos de pago contemplados nunha proposta inicial da Comisión, que defendía a cifra de 109.500 millóns fronte á 105.200 millóns mantidos neste encontro.

Como era de supor, este recorte orzamentario afectará directamente aos gastos agrícolas, que sufrirán unha

mingua de 1.000 millóns de euros. Ademais, os cartos para gastos de mercado -42.800 millóns de euros-, e para desenvolvemento rural -6.300 millóns de euros- revisaríanse en outono. A isto habería que engadir un recorte de 3.000 millóns de euros en accións estruturais.

Dun xeito global, os gastos previstos son inferiores en 3.600 millóns de euros ás sumas que a Unión Europea podería utilizar de acordo coas perspectivas financeiras adoptadas para o período 2000-2006.

O SLG pide ao Goberno unha rebaixa nos impostos abusivos do gasóleo

A terceira parte do prezo do carburante agrícola corresponde a cargas fiscais coma o IVE ou o IVM

Semella que as desgracias que trouxo canda si a Guerra de Irak non teñen fin. Sen esquecer os da traxedia do 11 de marzo, agora os labregos e labregas de todo o Estado miran con preo-

cupación como, día tras día, o prezo do petróleo sube. Esta alza terá un impacto inmediato no prezo do gasóleo agrícola, co que aumentarán de novo os custes de produción da

actividade agraria. Este problema ten unha doada solución: rebaixar os impostos abusivos que gravan o gasóleo agrícola. A pelota está agora no tellado do Goberno de Zapatero.


A alza do prezo do petróleo experimentada nos últimos tempos fixo que o Sindicato Labrego Galego volvese reivindicar un prezo social para o gasóleo agrícola. Esta demanda non é unha quimera; pola contra, trátase de algo perfectamente realizable se o Goberno de Xosé Luís Rodríguez Zapatero ten a vontade de atallar un problema que porá en xaque a miles de explotacións agrarias en todo o Estado.

A actividade agraria e gandeira sufriu nos últimos tempos un incremento continuado dos custes de produción (pensos, fitosanitarios, sementes, gasóleo), sen

posibilidade de aumentar o prezo dos produtos que saen ao mercado, co cal, a rendibilidade do traballo labrego, xa de por si escasa, estase a facer cada vez menor. Os datos corroboran esta realidade:

■ O gasóleo incrementouse un 34,1% con respecto a 1999. Coa tendencia alcista actual, este aumento do prezo será aínda maior a finais de ano. Para os labregos e labregas de Galiza resulta imposible trasladar estes aumentos aos prezos das súas producións pola presión da industria, da distribución e a rixidez dos prezos oficiais de intervención.

Teñamos en conta que os



O acto de botar gasóleo é cada vez máis caro e comeza a facer inviábel a actividade agraria para moitas explotacións

labregos só participan dun 26% de media do valor que pagan os consumidores polo

seu produto. Todo aumento do prezo do gasóleo, tal e como están hoxe en día as

relacións no mercado, terá que restarse a esas exiguas ganancias.

■ Completando o anterior, outro dato ben gráfico é que, actualmente, os custes de produción representan o 60% da renda bruta agraria. Destes custes, ata agora o investimento medio en gasóleo dun labrego ascendía ao 8'1% deses custes totais.

Se ao incremento do gasóleo engadimos o dos fertilizantes, fitosanitarios, sementes, pensos, etcétera, nos atopamos cun aumento dos custes de produción do 17% nos últimos cinco anos.

■ No tema particular do gasóleo, o seu prezo débese, en grande medida, a uns impostos abusivos que só dependen da vontade do Goberno.

De feito, do prezo final do gasóleo o 32'5% a terceira parte) corresponde a cargas fiscais. Así, os labregos pagan realmente por cada litro de gasoil para o seu tractor 0'304 euros (50'58 pesetas), que aumentan a 0'451 euros (75'04 pesetas) no prezo final ao engadirle os diversos impostos.

Supresión do imposto especial de hidrocarburos

Por todo o devandito, o Sindicato Labrego Galego pide ao Goberno unha serie de medidas de tipo fiscal, e non axudas directas -que son ilegais na Unión Europea-, para paliar o impacto sobre o agro motivado polo aumento no prezo dos carburantes. As reivindicacións do SLG con respecto ao gasóleo agrícola, todas permitidas pola normativa comunitaria vixente, son as seguintes:

■ Exención do imposto especial de

hidrocarburos para o gasóleo utilizado nas actividades agrarias (na actualidade, os labregos págana 0'079 euros por litro, 13'09 pesetas, por este concepto)

■ Aplicación dun tipo reducido de IVE para o gasóleo consumido polos profesionais agrarios de maneira que, en troques de aplicar o tipo actual do 16% (0'06224 euros por litro, ou 10'35 pesetas), se aplique o 7%.

■ Supresión da taxa de hidrocar-

buros, ou Imposto sobre Venda Minorista (IVM), que é de 0'006 euros por litro (1 peseta).

■ Establecemento dun prezo social para o gasóleo agrícola, que evite as oscilacións á alza do prezo de custe e posibilite a rendibilidade das producións agropecuarias polo seu alto valor estratéxico de cara á mantenza dun mundo rural vivo e por seren a fonte dun dereito humano básico como é a alimentación.

O 14 de xullo, miles de labregos e labregas que basean a súa produción no cultivo de remolacha invadiron as rúas de Bruxelas. Viñan de Portugal, España, Italia, Irlanda e Finlandia para oporse a unha decisión da Comisión Europea tomada esa mesma mañá: a aprobación dunha proposta de reforma da Organización Común de Mercado (OCM) da remolacha.

Esta reforma pretende reducir nun 40% o prezo da remolacha para os cultivadores do Estado Español, coutar a produción en 2'8 millóns de toneladas, e dar a posibilidade de que esa cota de produción poida pasar a

A Comisión quiere desmantelar o sector azucreiro para deixalo en mans das industrias de Centroeuropa

outros países.

A intención secreta da Comisión Europea, segundo a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) é que certos países do norte e do sur de Europa, máis competitivos, dominen a produción azucreira. Tras desta decisión pódese adiviñar a presión dos poderosos lobbies da industria do azucre. As outras grandes beneficiarias desta

reforma serían as multinacionais da alimentación, coma Nestlé ou Coca Cola, que lle sacarían un grande rendemento á caída do prezo do azucre.

A lectura de fondo que se pode sacar de todo isto é que a Política Agraria Común (PAC) segue a ser deseñada polas grandes industrias e multinacionais da agricultura e da alimentación para maximizar os seus beneficios

a costa do que faga falla.

Segundo a Coordinadora Labrega Europea (CPE), o esquema é sempre o mesmo, coma ben sabemos en Galiza polo sector lácteo: redúcese o prezo mínimo de subministro para a industria alimentaria e a grande distribución, os contribuíntes europeos financian cos impostos os pagos directos para que os labregos poidan producir a prezos moi por debaixo dos

custes de produción e para que os produtos finais poidan estar nos andeis dos supermercados a un prezo estábel.

Nembargantes, o custe social a pagar pola aplicación da reforma é tremendo, pois implicará a desaparición de miles de pequenas e medianas explotacións en toda Europa incapaces de soportar estas condicións. No caso do Estado Español, o cultivo da remolacha dá traballo a 20.000 explotacións que abastecen once fábricas azucreiras. A remolacha cultívase en 22 provincias de Castela e León, Andalucía, Castela A Mancha, Rioja, Euskadi e Extremadura.

A DTA consegue que Valedor e Parlamento acurralen ao presidente do Craega

É un dos primeiros éxitos da Dirección Transversal de Agroecoloxía, que xa se reuniu por quinta vez

Nos últimos tempos, a Dirección Ecolóxica de Galiza (Craega); na organización da propia dirección; e nas actividades do día a día, como charlas divulgativas, campañas contra os transxénicos, organización dos produtores, ou xornadas sectoriais. Asemade, a DTA saboreu un dos seus primeiros éxitos ao conseguir apoio do Valedor do Pobo e do Parlamento nas denuncias contra Gabino Vázquez.

En relación ao consello Regulador, antes de termos a DTA as decisións tomábanas basicamente Agatha Broeskamp, a nosa representante no Craega, e máis Xan Pouliquen, o traballador do Sindicato Labrego que coordina o sector da agroecoloxía.

Agora, coa nova directiva para o sector, as decisións son comúns, debaténdose o que se vai facer e as directrices do traballo de Agatha. Con isto, faise un maior traballo e de mellor calidade, polo que se defenden mellor os intereses do sector e se orientan con máis precisión os esforzos na dirección dun desenvolvemento da produción ecolóxica labrega.

Outra cousa é que este traballo dea froitos que se vexan a curto prazo. Este traballo, segundo os membros da DTA, "é moi ingrato, xa que non se ve inmediatamente e, ademais, ten moito que ver, de momento, coa democracia no Craega, o cal non se traduce en resultados prácticos".

Por exemplo, a batalla legal iniciada para que o Craega dispoña dun regulamento de réxime interno, a moitas persoas non lle interesa. Pero o que está claro é que, sen isto, todas as persoas que integran o sector se atopan totalmente indefensas, amais de depender da vontade do presidente, Gabino Vázquez, que manexa as cousas ao seu antollo, algo que se fará máis patente a partir de agora con respecto á xente que pediu axudas agroambientais, xa que estará atada durante cinco anos.

Valedor e Parlamento dan a razón ao SLG

Pero, falando do que se consegue, cómpre destacar que o Valedor do Pobo



A Dirección de Agroecoloxía reuniuse cinco veces dende o Congreso de Monforte

deulle a razón ao Sindicato Labrego, aínda que estea pendente unha resolución definitiva.

Tamén hai que salientar que o propio Parlamento de Galiza recoñeceu que o Craega nun funciona de xeito legal. Isto levou aos

tres grupos parlamentares a adoptar un acordo para lle dar o toque ao presidente do Craega.

Pequenos éxitos nun país onde é necesario traballar sen parar simplemente para que se recoñezan dereitos máis básicos. Neste mo-

mento, o debate sindical do SLG sobre a produción ecolóxica dáse sobre todo neste ámbito, o que é lóxico, dado que acabamos de facer o congreso e xa temos debatido bastante sobre a nosa visión da produción ecolóxica.

Moitos esforzos seguen estando centrados na organización

Outro dos eixes de traballo da DTA consiste en organizarse. Nestes intres xa está identificado o traballo que hai que facer, e estruturouse en grupos sobre temas determinados. A maiores das xuntanzas habituais, cada unha das persoas que integran a DTA aporta o que pode, e do que sabe, nos diversos grupos. Así, xa funciona o grupo de prensa, e tamén as responsabilidades para a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) e o Craega. Estes son os grupos máis permanentes.

Agora, a DTA está en fase de descentralizar o traballo. Ata o de agora, a maioría das tarefas do ecolóxico levábaas Xan dende a sede nacional, pero agora estase elaborando unha proposta para que os locais compartan dito traballo, o que

permitirá ter maior comunicación entre a afiliación e a dirección do sindicato.

A DTA agarda, deste xeito, poder ter unha mellor visión do que require o sector, á vez que poder transmitir mellor o que opina a dirección do SLG sobre iso. Tamén esta organización permitirá unha mellor atención coa afiliación ecolóxica.

A produción ecolóxica certificada non deixa de ser algo moi pequeno, aínda que creza. Nembargantes, a produción ecolóxica real e a produción labrega, que é moi semellante á primeira, si que son unha parte importante do agro galego. De aí a necesidade de descentralizar o traballo no eido ecolóxico. En todo caso, trátase, de momento, da elaboración dunha proposta operativa da que se informará máis polo miúdo no futuro.

Un morea de actividades que pretenden dinamizar o sector ecolóxico

En canto ás tarefas concretas desenvolvidas pola DTA, difundíronse as distintas feiras de interese para produtores e produtoras; traballouse para reducir o impacto dos tratamentos herbicidas nas cunetas; seguiuase promovendo a produción ecolóxica a través de múltiples charlas de divulgación; estanse preparando distintas accións contra os alimentos transxénicos; mantense unha páxina de agroecoloxía no voceiro do SLG, o Fouce, de periodicidade mensual; elaborouse un listado con toda a información que lle chegou á directiva, o que se pode consultar a vontade; axudouse na organización conxunta dos produtores; etcétera.

Aínda que para facer todo isto contouse coas persoas elixidas na DTA, dende esta directiva insistíuse na necesidade de contar, sempre, con todas as persoas interesadas, pois ese é o xeito de que o que se faga e o que se propoña sirva para consolidar ao SLG e para consolidar ás explotacións deste país, sexan ecolóxicas ou non.

Por iso, dende a Dirección Transversal de Agroecoloxía animan a todos e a todas a non dudar á hora de poñerse en contacto para coñecer máis detalles de todo isto ou para aportar propostas ou críticas, ou mesmo participando nas propias xuntanzas da dirección, que están abertas a afiliados e afiliadas.

Asociación e rotación de cultivos na última xornada de agroecoloxía

Este encontro ao redor do sector do ecolóxico caracterizouse pola concurrencia de novos asistentes

Unha vez máis, numerosos produtores e produtoras, nesta ocasión de horta ecolóxica, reuníronse para visitar a explotación de Charo Sánchez, que é a representante do sector ecolóxico no SLG. Quizais notouse a en-

trada do verán, xa que houbo unha asistencia menor dos incondicionais. Mais cómpre dicir, dende un punto de vista positivo, que a xornada estivo ben porque viñeron persoas novas, que descubriron o mundo da agroecoloxía.

Deste xeito, segue demostrándose que a organización destas xornadas é un método moi positivo para fomentar a agroecoloxía, xa que parte de realidades e non de discursos, que poden ser moi bonitos pero non se corresponden co que temos na Galiza.

Desta vez, os temas que centraron os debates e a conversa foron as asociacións e as rotacións de cultivos, poñendo os asistentes en común as súas prácticas ao respecto. Discutiuse bastante sobre o interese das asociacións con leituga, con pemento e tomate. Tamén se falou de cenorias, patacas e cebolas.

Foi todo moi interesante, xa que non só se entrou a falar do control de pragas



As leiras traballadas por Charo Sánchez son un bo exemplo de equilibrio co entorno

e enfermidades, senón de todo o que implica ter cul-

tivos asociados: facilidade de traballo, asombramentos,

alimentación, recollida, comercialización, etcétera.

No futuro renovarase o concepto das xornadas para melloralas

De cara ao final, os asistentes puideron comprobar que o que semella un dos grandes eixes da produción ecolóxica, tampouco é que sexa tan complicado. Outro dos feitos que se puideron comprobar nesta xornada é que a xente do ecolóxico experimenta moito nas explotacións, quedando patente que cada persoa xa fixo unhas cantas probas.

Para rematar, fixéronse uns apuntamentos para mellorar estas xornadas de cara ao futuro, sobre todo pensando na xente con maior experiencia en produción ecolóxica, "os históricos", tal e como son coñecidos, e necesidade de ter que reorientar os programas de actividades. Unha queixa común entre esta xente é que as xornadas comezan a facerse algo repetitivas, polo que cómpre atopar novas maneiras de coñecer experiencias que sirvan para as explotacións dos que asisten.

Avísos

✓ A próxima xuntanza da Dirección Transversal de Agroecoloxía terá lugar en Lalín, o día 21 de setembro. Do mesmo xeito que nas reunións anteriores, poderá asistir quen queira da afiliación. Se queres que te avisemos ou máis información, acude á oficina do Sindicato Labrego Galego que che estea máis preto.

✓ Estanse a organizar as próximas xuntanzas de gando e horta ecolóxica, previstas para os meses de setembro e outubro. Se normalmente non recibes os avísos e queres que te convidemos, comentao no teu local do SLG.

✓ As próximas feiras relacionadas co sector ecolóxico das que temos coñecemento son as seguintes: Terractiva, en Arzúa do 28 ao 29 de agosto; Zamora, do 7 ao 8 de outubro. Se queres máis información, fala con Xan Pouliquen no 982 231 154.

O 19 de agosto sairá o novo decreto que regula o Plan de Abandono da Produción Láctea

O Ministerio de Agricultura ten intención de convocar, posiblemente o 19 de agosto de 2004, un programa nacional de abandono voluntario, definitivo e indemnizado da produción leiteira, para a súa execución durante o período de taxa suplementaria 2004 / 2005 e dentro das previsións dos Orzamentos Xerais do Estado do 2004.

As solicitudes de indemnización dirixiránse ao órgano competente da Comunidade Autónoma onde radique a explotación do solicitante ata o 30 de setembro de 2004, inclusive.

Respecto aos importes da indemnización, establécense as seguintes contías:

a) 0,60 euros, para os produtores cuxa cota individual indemnizábel, o 1 de abril de 2004, sexa inferior a 70.001 quilos.

b) 0,40 euros, para os produtores cuxa cota individual indemnizábel, o 1 de abril de 2004, sexa

superior a 70.000 quilos e inferior a 120.001 quilos.

c) 0,40 euros, para os produtores cuxa cota individual indemnizábel, o 1 de abril de 2004, sexa superior a 120.000 quilos, incorresen nalguna causa de forza maior ou causa excepcional, debidamente xustificada e estean suxeitos ao compromiso de non transferir cota por algunha destas circunstancias:

-Ter adquirido cota desvinculada dunha explotación, a partir do 1 de abril do 2002.

-Ter adquirido cota procedente da reserva nacional, a través da Orde APA 867/2002, do 17 de abril, pola que se establece o Fondo nacional coordinado de cotas lácteas, para o período 2002/2003.

d) 0,15 euros, para os restantes produtores non incluídos en ningún dos tres casos anteriores

2. A efectos establecido no apartado anterior, só terán consideración de forza maior ou causa excepcional, os

casos establecidos nos apartados "l)" e "m)" do artigo 2 do Real Decreto 347/2003.

Se a materia graxa asignada á cota dun gandeiro é superior ao 3,64 por cen, o importe total da indemnización se verá incrementado un 0,18 por cen, por cada 0,01 por cen de diferenza. En caso contrario, o importe verase reducido igual.

Ademais, haberá incrementos de ata un 40% nos importes da indemnización para produtores cuxa cantidade de referencia individual indemnizábel, o 1 de abril de 2004, sexa inferior a 50.001 quilos, ou inferior a 25.001 quilos; e produtores cuxa idade, no momento de presentar a súa solicitude, sexa superior aos cincuenta e seis anos, ou superior aos sesenta e dous anos.

A cota individual máxima asignada ao inicio do período para a concesión da indemnización, por este plano de abandono, será de 300.000 quilos.

Axudas para paliar os danos do lobo sobre o gando

Poderán beneficiarse destas axudas propietarios de reses saneadas das especies bovina, ovina e caprina, que estean cercadas ou protexidas por medio de pastores ou doutros medios que permitan o control do gando. O gando haberá de estar debidamente identificado. En caso de ataque, cómpre dar parte a Medio Ambiente nun prazo de 24 horas no teléfono 906 186 186.

Serán actuacións subvencionables os danos que se produzan como consecuencia dos ataques dos lobos entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2004.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 9 de novembro de 2004.

As solicitudes deberán formalizarse no prazo máximo de 40 días naturais contados a partir do día seguinte ó da produción do ataque do lobo, agás naqueles supostos nos que o dano se tivese producido entre o 1 de xaneiro e a data da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia, nos que o devandito prazo se contará a partir do día seguinte ó da referida publicación.

Se está afiliado ao Sindicato Labrego Galego e desexa máis información pode consultar na oficina sindical máis achegada.

Axudas a parceiros e arrendatarios para acceder á propiedade

Orde do 24 de maio de 2004 pola que se regulan axudas para parceiros e arrendatarios de predios rústicos que exerzan o dereito á propiedade por aplicación da Lei 3/1993, do 16 de abril, relativa ás parcerías e arrendamentos rústicos históricos de Galiza.

Os parceiros e arrendata-

rios de predios rústicos a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, que comunicaron a súa intención de exercer o dereito de acceso á propiedade, poderán acollerse ás axudas que establece o Decreto 381/1998, do 29 de decembro, no cal se recollen os tipos de axuda, criterios de prioridade es-

tablecidos no seu artigo 5, tramitación e formalización das ditas axudas.

As subvencións consideradas nesta orde faranse efectivas con cargo á aplicación da partida contemplada en concepto de axudas para adquisición de terras procedentes de arrendamentos históricos dos

orzamentos xerais da Comunidade de Galiza para 2004, dotada cun crédito de 180.000 euros.

O prazo de presentación de solicitudes terminará o 31 de agosto deste ano 2004.

Se vostede é afiliado, pode solicitar máis información en calquera oficina do Sindicato Labrego Galego.

¡Afílitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... NIF:

Enderezo:.....

Tlf:..... Concello:..... C.P:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....

Titular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura)

Data

V Xornadas técnicas de ovino e caprino

18 de setembro de 2004, no salón de actos da Casa de Cultura de Carballo (A Coruña).

PROGRAMA PROVISIONAL DA XORNADA

10:00 Inauguración das xornadas. Coa presenza de Araceli Pillado Salgado, Presidenta da Asociación de criadores/as de ovino e caprino de Galicia - OVICA; e Luís Lamas Álvarez, tenente de alcalde do Concello de Carballo.

10:30 Situación actual e perspectivas de futuro na produción de ovino e caprino.
Conferenciante: Vicente Carrión Nieto (Responsable de ovino - caprino de COAG).

11:30 Un modelo para a comercialización de ovino. Cooperativa Colear (Castela - León).
Conferenciante: Jesús Fraile Mozo (Xerente de Colear)

12:30 Problemática da comercialización de ovino e caprino, a través de un modelo cooperativo, en Galicia. Cooperativa Coviga.
Conferenciante: Xosé Manuel Romero Rodríguez (Xerente de Coviga).

14:00 Xantar

16:00 Mesa redonda sobre a problemática da comercialización de ovino e caprino en Galicia.
Vicente Carrión Nieto (Responsable de ovino - caprino de COAG).
Jesús Fraile Mozo (Xerente de Colear)
Xosé Manuel Romero Rodríguez (Xerente de Coviga).

18:00 Clausura das xornadas coa presenza do Alcalde do Concello de Carballo.

18:30 Visita guiada a unha explotación da zona.
Luís Lamas Álvarez

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de animais por enfermidade e compensacións polo lucro cesante

Dúas ordes de Política Agroalimentaria regulan as indemnizacións por sacrificios obrigatorios de animais e as compensacións económicas por lucro cesante motivado pola inactividade producida ao decretar o baleiro sanitario pola presenza de enfermidades sometidas a un programa oficial de erradicación da brucelose, da tuberculose ou das encefalopatías esponxiformes bovinas.

A contía destas axudas variará, nun caso

dependendo do número de animais sacrificados e do seu valor segundo o baremo oficial e, no caso da paralización e baleiro sanitario, será en función dos datos productivos declarados oficialmente.

O prazo para solicitar este tipo de axudas rematará o 20 de novembro de 2004. As persoas interesadas en recibir información, poden realizar a súa consulta en calquera oficina do SLG.

Prima especial de vacún e por sacrificio de gando

■ As solicitudes de prima especial de vacún poderanse presentar desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2004.

■ As solicitudes de primas ao sacrificio de vacún, poderanse presentar dentro

dos catro meses seguintes á data do sacrificio de cada animal e, en todo caso, nos seguintes períodos: do 1 ao 30 de xuño de 2004, do 1 ao 30 de setembro de 2004, e do 1 de decembro de 2004 ao 15 de xaneiro de 2005.

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese
tractor LANDINI BRIZA 95, con 1.600 horas.
Preguntar por Antonio no teléfono 982 313 115

Véndese
300.000 quilos de millo ensilado de boa calidade.
Motores de rego, canóns e tubos de 3"
Ensiladora de millo CLASS JAGUAR 25 de suco.
Chamar aos teléfonos 988454227 ou 666 396 285

Véndese
coche Renault 4, matrícula LU 9810 K. Bo uso.
Chamar ao 982 179 413 polas noites.

Véndese
explotación de ovelas.
Preguntar por Xosefa ou Manuel nos teléfonos 988 419 112 ou no 988 419 035

Véndese
autocargador con rotativa MORRAM, automático, de 18 metros cúbicos.
Dous angazos, un de espelir e outro de xuntar, marca CUN
Chamar ao 981 670 725

Véndese
autocargador FORT de 22 metros cúbicos.
Segadora BCS, encendido electrónico.
Ensiladora de un rego con dúas campañas de traballo.
Sementadora de herba, marca FIONA, en bo estado.
Chamar ao 659 659 418

Véndese
máquinas de limpar trigo e centeo
Un muíño de tractor
Un muíño eléctrico.
Chamar ao 982 175 132. Preguntar por Manuel.

Véndese
herba seca en rolos ou pacas.
Chamar ao 981 691 614; preguntar por Xosé.

Véndese
picadora John Deere S 820 con 2 cabezas para herba e millo.
Preguntar por Luís no teléfono 608 587 801

Véndese
tanque refrixerador de leite de 2.800 litros, 2 muxidos, frío instantáneo e lavado automático.
Chamar ao 608 879 938

Véndese
herba seca de boa calidade (A Pastoriza - Lugo).
Chamar ao 982164477

Véndese
herba seca en rolos.
Chamar ao 981 681 735, de 9 a 10 horas da noite.

Véndese
tractor EBRO 160 con remolque, ganchos, arados e fresadora.
Chamar ao 982 440 618 ou ao 607 640 311

Véndese
rolos de palla e herba seca.
Chamar ao 981 681 103

Véndese
xovencas de leite na zona de Pastoriza, por peche de explotación.
Chamar ao 608 879 938

Véndese
empacadora moderna con encarte.
Preguntar por Manuel Ramos no 988 465 562 ou no 988 406 293

Véndese
dúas xovencas de raza frisona con carta e próximas ao parto.
Chamar ao 981 788 210

Véndese
vacas en produción de carne, rubias e cruzadas.
Chamar ao 677 461 844

COMPRAS

Mércase
encintadora de rolos.
Chamar ao 665 982 881.
Preguntar por Xosé Lois.

Mércase
rabaño de cabuxas ou de cabuxiñas de recría.
Chamar a Fermín ao teléfono 679 890 628

Mércase
vacas de carne.
Preguntar por Gonzalo no 982 164 022 (de 13.00 a 14.00 horas)

OUTROS

Leite ecolóxico
Se estás interesad@ en producir leite ecolóxico, contacta comigo.
Chamar ao 639 512 823

Búscase soci@ ou arréndase
explotación de carne de vacún coas instalacións completas e en plena produción. 250 ferrados de pradería en tres fincas adxacentes, a 5 quilómetros de Lalín.
As persoas interesadas poden chamar ao 677 461 844



Antón Sánchez García, responsábel de horta do SLG na comarca de As Mariñas

Antón Sánchez García é enxeñeiro técnico agrícola. Nembargantes, a chamada da terra fixo que optase pola profesión labrega, algo que lle vén de familia. Xunto a outros tres compañeiros, todos cunha media de idade de trinta anos, fundou Agrecogaliza, unha sociedade laboral que traballa unha hectárea de invernadoiros e dúas e media de leiras ao aire libre. O exemplo de Antón demostra que a xente nova pode ter unha saída laboral inmellorable no agro, sempre e cando supere os problemas cos que a desidia da Administración lastra as actividades agrarias.

“Cos prezos actuais do solo é moi difícil que os mozos poidan acceder á terra para traballar”

■ ¿Vostede, con a penas trinta anos de idade, é un caso atípico no actual panorama labrego?

Os mozos somos excepción. Por exemplo, este municipio de Bergondo sempre foi eminentemente agrario. Hoxe en día, en todo o municipio, como moito, só estamos tres explotacións con xente nova que se incorporou recentemente á agricultura. Nos concellos veciños como Sada ou Oleiros aínda é peor.

■ ¿E a que se debe isto?

A moitas razóns. A primeira é que, tanto a nivel social como familiar, a agricultura considérase coma un atraso; despois, a xente que estudia non o fai para acabar na terra. En segundo lugar, temos o lastre do problema urbanístico: é moi difícil que hoxe en día a xente nova poida acceder á terra para traballar. Tal e como están os prezos do solo é imposible que a actividade agrícola sexa rendíbel. Os planeamentos urbanísticos non se cumpren e cons-



Antón é un dos poucos mozos que apostou pola agricultura na comarca de As Mariñas

truíronse e constrúen edificios e casas en terreos de todo tipo, incluídos os de uso agrario e forestal. Daquela, quen é propietario dun anaco de terra agarda a ver se o dan vendido como solar.

Outro factor importante é que vivimos unha época na

que non houbo relevo xeracional, polo que agora as condicións para comezar non son doadas para a xente nova. Os labregos non están organizados, unha boa comercialización faise moi difícil e, ademais, é unha vida dura no aspecto laboral. Por

riba, a nivel particular séntese illado, pois os teus amigos teñen outro tipo de traballos con horarios diferentes. Todo isto unido fixo que lles custase moito de superar os inicios no seu traballo a moitos labregos mozos que coñezo.

“O noso principal problema é a falta de apoio das Administracións”

■ ¿A que outros problemas se enfronta hoxe en día o sector hortícola en Galiza?

Para min, o grande problema é a falta de apoio de todas as administracións, tanto concellos como a Xunta. Na zona onde traballamos nós, os concellos fan políticas urbanísticas para converterse en cidades residenciais, e non fomentan as actividades produtivas. Os concellos consideran á agricultura como unha actividade residual e un atraso.

Outro dos problemas do sector é a súa falta de organización. Aos gobernos non convén que estea organizado e a maioría dos labregos que traballan actualmente teñen unha idade avanzada e xa non lles interesa lanzarse a grandes aventuras.

■ ¿Que medidas pensa que serían necesarias para dar maior pulo á horta galega?

Dende un punto de vista político, os sectores progresistas e de esquerda deberían dar un maior apoio a esta actividade, xa que podería xerar moitos postos de traballo directos e indirectos. A xente nova vaise traballar fóra en precario cando poderían traballar a terra gañando o mesmo ou máis e, de paso, mantendo con vida o medio rural. Habería que facer unha labor de promoción do xeito de vida labrego e fomentar o cooperativismo.

Outra cuestión na que se debería incidir é acadar que os labregos teñan poder á hora de marcar os prezos. Tamén se debería reservar unha porcentaxe de solo para usos agrícolas e poñela á venda cuns prezos axeitados para quen vaia desempeñar estas actividades agrarias. A partir de aí, xa seríamos os labregos os que teríamos que traballar.

“As leis fan que as explotacións familiares non poidan custear a comercialización”

■ Neste verán, algúns produtos hortícolas estiveron entre os alimentos que máis subiron. ¿Os labregos que os producen gañaron máis? ¿Págase un prezo digno polas hortalizas?

Normalmente, esta é unha zona un pouco atípica. Polo que coñezo, ten mellores prezos para o produtor con respecto a outros lugares de Galiza que producen en horta, coma O Rosal. En canto ao valor que se paga polos nosos produtos, non é sempre o mesmo. Hai xente que ten formas de comercialización que aproveita ben a escasa distancia á Coruña e vende directamente ás tendas sacando uns bos prezos. Pero, polo xeral, quen se queda co incremento do valor son os intermediarios que hai entre o labrego e o consumidor.

Por exemplo, se a nós nos están a pagar a 42 céntimos o quilo de tomate,

véndeselle á xente a un prezo entre 0'80 e 1'20 euros, o que supón máis do 100% de diferenza. E iso no noso caso, que obtemos bos prezos, pois hai explotacións que están a vender o quilo de tomate a 24 e 30 céntimos.

■ Daquela, a venda directa é un bo medio para non ter que deixar os beneficios en mans de intermediarios. ¿Pensa que está suficientemente apoiada pola Administración?

Non, todo o contrario. A Administración empuxa na dirección de termos que pasar por unha rede comercial grande. Todas as leis que se aproban fan que a unha pequena explotación familiar lle sexa imposible asumir por si mesma os custos que leva canda si o xeito de comercializar predominante.

Por outra banda, os mercados locais están sendo moi prexudicados, pois adoitan a estar en zonas moi atracti-

vas para urbanizar e xa non funcionan ben nin reúnen as condicións necesarias para o seu desenvolvemento.

■ ¿Que se podería facer, entón, para potenciar a venda directa?

A venda directa necesita moita organización, máis ca outros tipos de venda. Daquela, habería que tomar as medidas para que os labregos non teñan que pasar polos intermediarios pero que, ao mesmo tempo, iso non lles supuxese un excesivo custo. Nós tentamos facelo, e ao comezo custa máis, xa que cómpre deseñar un bo sistema que teña o menor gasto posible, e iso require organización. Ata que non estás ben organizado, non che sae rendíbel distribuír directamente. Nós coñecemos a moita xente que comercializa de maneira directa dende hai tempo e lle vai ben, e nesa dirección imos nós.